

## DECRETO DA ALCALDÍA

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA “ASOCIACIÓN MICHOS DE LUGO” POR IMPORTE DE 15.000,00 €, INCLUÍDO NA PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN PARA A ANUALIDADE 2021 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2020-2022.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 5-2021, por un importe total de 15.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da subvención a favor da ASOCIACIÓN MICHOS DE LUGO, incluído na proposta de actualización para a anualidade 2021 do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/340 de data 17/03/2021, así como RCMOD Ref.: 18080/2021, por importe de 15.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 15.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	15.000,00 €	17000.48900	15.000,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>15.000,00 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>15.000,00 €</b>

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac2279355364990961391.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 5-2021 Asociac. Michos Lugo

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.